

Renda dispoñible bruta

Último ano incluído: 2022

Resumo de resultados 28/02/2025

ÍNDICE

Renda Dispoñible Bruta (RDB) segundo o grao e subgrao de urbanización	1
Saldo de Rendas primarias (SRP) segundo o grao e subgrao de urbanización	2
Peso das rendas do traballo sobre a renda dispoñible bruta segundo o grao de urbanización	2
Peso das rendas do traballo sobre a renda dispoñible bruta segundo o subgrao de urbanización	3
Distribución secundaria da renda segundo o grao e subgrao de urbanización	3
Ratio de cotizacións sociais sobre prestacións sociais	4
Renda dispoñible bruta por habitante segundo o grao e subgrao de urbanización	5
Definicións, fontes e máis información	6


ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Renda Dispoñible Bruta (RDB) segundo o grao e subgrao de urbanización

A renda dispoñible bruta e a poboación distribúense de modo desigual polo territorio galego. No 2022, na zona densamente poboada, reside o 36,6 % da poboación e concéntrase o 41,7 % do total da RDB galega. Pola contra, na ZPP baixa reside o 14,1 % da poboación e correspóndelle o 11,5 % da RDB.


Distribución da poboación. Anos 2010 a 2022

Unidade: porcentaxe



Distribución da renda dispoñible bruta. Anos 2010 a 2022

Unidade: porcentaxe



Se atendemos á evolución temporal destas variables dende o comezo da serie, cabe destacar o incremento do peso da ZIP alta na renda dispoñible bruta, en detrimento da ZDP e da ZPP baixa cuxa relevancia diminúe en termos da renda dispoñible.

Saldo de Rendas primarias (SRP) segundo o grao e subgrao de urbanización

A renda primaria defínese como a renda que reciben as unidades residentes en virtude da súa participación directa no proceso de produción e a renda a cobrar polo propietario dun activo financeiro ou dun recurso natural por facilitar fondos ou poñer os recursos naturais a disposición doutra unidade institucional. É dicir, sería a renda que obteñen os fogares antes de que interveña ningún mecanismo de redistribución. Principalmente serían as rendas do traballo asalariado (Remuneración de asalariados) e por conta propia (Rendas mixtas) xunto con outras rendas que reciben os fogares como rendas da terra ou rendas recibidas pola participación en sociedades entre outras.

En 2022, o 20 % do saldo de rendas primarias de Galicia correspóndese coa zona pouco poboada, sendo esta unha porcentaxe inferior á da RDB desta zona. Pola contra, na zona densamente poboada e na ZIP alta, a porcentaxe do saldo de rendas primarias que lles corresponde é superior á da renda dispoñible bruta.

Distribución da poboación, do saldo de rendas primarias e da renda dispoñible bruta segundo o grao e subgrao de urbanización. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Grao/subgrao de urbanización	Poboación	Saldo das rendas primarias bruto	Renda dispoñible bruta
ZDP	36,6	43,4	41,7
ZIP	37,1	36,7	36,0
• ZIP alta	28,6	29,0	28,1
• ZIP baixa	8,5	7,7	7,9
ZPP	26,3	20,0	22,3
• ZPP alta	7,6	6,8	6,9
• ZPP intermedia	4,6	3,5	3,9
• ZPP baixa	14,1	9,7	11,5

Peso das rendas do traballo sobre a renda dispoñible bruta segundo o grao de urbanización

As principais compoñentes do saldo de rendas primarias son as rendas do traballo: remuneración de asalariados e rendas mixtas.

Se nos fixamos no peso da remuneración de asalariados sobre o total da renda dispoñible bruta segundo o grao de urbanización, podemos ver que o maior valor se atopa na zona densamente poboada, onde supón o 72,9 % da renda dispoñible bruta total no ano 2022. Pola contra, na zona pouco poboada, a remuneración de asalariados representa o 56,7 % da renda dispoñible bruta. Na provincia da Coruña é na única onde a relevancia das rendas do traballo asalariado sobre o total da renda dispoñible total é superior na ZIP que na ZDP.

As rendas mixtas supoñen o 18,5 % da renda dispoñible bruta en Galicia no ano 2022, sendo máis relevantes na provincia de Lugo onde representan o 20,5 %. A nivel de Galicia, o maior peso atopámolo na zona densamente poboada. Porén, se analizamos este dato por provincias atopamos resultados diferentes. Na provincia de Ourense as rendas mixtas teñen un maior peso na renda dispoñible bruta total na ZIP. Na ZPP da provincia de Lugo o 22,5 % da renda dispoñible bruta procede das rendas mixtas.

Remuneración de asalariados sobre RDB. Galicia e provincias. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	69,1	72,9	72,4	56,7
A Coruña	71,2	72,2	76,1	60,5
Lugo	63,9	75,1	68,4	50,9
Ourense	61,6	70,8	67,1	48,8
Pontevedra	70,5	73,8	69,8	61,4

Rendas mixtas sobre RDB.

Galicia e provincias. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	18,5	18,4	18,0	19,4
A Coruña	18,9	19,1	17,5	20,9
Lugo	20,5	19,0	19,7	22,5
Ourense	16,8	17,3	18,4	15,4
Pontevedra	17,8	17,7	18,3	16,9

Peso das rendas do traballo sobre a renda dispoñible bruta segundo o subgrao de urbanización


A análise por subgrao de urbanización do indicador de remuneración de asalariados sobre renda dispoñible bruta amosa como nos últimos anos este indicador toma un valor moi próximo na ZIP alta e na ZDP aínda que nos primeiros anos da serie a remuneración de asalariados tiña un maior peso na ZDP. Así mesmo, os valores para a ZIP baixa e para a ZPP alta tamén converxen nos últimos anos da serie estando ambos os dous moi próximos á media de Galicia. Polo que respecta á ZPP intermedia e a ZPP baixa, aínda que estas dúas zonas son as que presentan un menor peso da remuneración de asalariados sobre a RDB, cómpre resaltar a evolución crecente deste indicador nas dúas zonas dende o ano 2013, a excepción do lixeiro descenso no ano 2020 orixinado pola excepcional situación deste ano.

Ata o ano 2019, a importancia das rendas mixtas na renda dispoñible bruta total é especialmente elevada nas ZPP intermedia e baixa. Esta dúas zonas xunto coa ZIP baixa presentan en todos os anos anteriores ao 2020 valores do peso das rendas mixtas sobre a RDB superiores á media galega. Noutro extremo atópanse as tres subzonas que se corresponden con concellos con núcleos urbanos importantes, a ZDP, a ZIP alta e a ZPP alta, nas que o peso das rendas mixtas sobre a RDB é moi similar nas tres zonas e inferior á media galega.

No ano 2022, ao igual que no ano 2021 increméntase o peso das rendas mixtas sobre a RDB en todas as zonas de Galicia.


Remuneración de asalariados sobre RDB. Anos 2010 a 2022

Unidade: porcentaxe (%)



Rendas mixtas sobre RDB. Anos 2010 a 2022

Unidade: porcentaxe (%)



Distribución secundaria da renda segundo o grao e subgrao de urbanización

Para obter a RDB a partir do SRP deben deducirse deste último agregado os impostos correntes sobre a renda e o patrimonio, as cotizacións sociais e as transferencias correntes pagadas e engadirille as prestacións sociais e outras transferencias correntes recibidas. Na sección anterior vimos que na ZDP e na ZIP a porcentaxe de SRP é superior á da RDB, mentres que na ZPP ocorre o contrario.

No proceso de redistribución da renda, as prestacións sociais (compostas principalmente por pensións e prestacións de desemprego) son unha das partidas máis relevantes. No ano 2022, as prestacións sociais supoñen un 31,7 % da renda dispoñible bruta de Galicia, sendo este peso do 35,4 % na ZPP. As prestacións sociais son especialmente relevantes na ZPP das provincias de Ourense e Lugo. Estes resultados están moi relacionados coa estrutura por idades da poboación destas zonas, ao ser as pensións de xubilación a principal compoñente das prestacións sociais.


A evolución do peso das prestacións sociais na renda dos fogares é semellante en tódalas zonas e subzonas definidas. Dende o 2010 este indicador incrementouse en tódalas zonas e subzonas, se ben dende o 2014 este peso esta diminuíndo un pouco, ata o ano 2020 no que o indicador experimenta unha notable subida en todas as zonas debido á situación excepcional deste ano. No 2021, o peso das prestacións sociais sobre a RDB diminúe en todas as zonas de Galicia, aínda que rexistra todavía valores superiores aos do ano 2019. Nas subzonas ZPP baixa e intermedia é onde é maior a importancia das prestacións sociais. O menor valor atopámolo na ZIP alta, mentres que a ZPP alta é a zona que toma valores máis próximos á media de Galicia.

Prestacións sociais sobre RDB. Galicia e provincias. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	31,7	30,9	30,5	35,4
A Coruña	30,3	29,9	29,1	33,2
Lugo	34,3	31,0	34,5	37,2
Ourense	36,8	34,2	34,9	40,6
Pontevedra	31,2	31,1	30,6	33,7

Prestacións sociais sobre RDB. Anos 2010 a 2022
Unidade: porcentaxe (%)



Ratio de cotizacións sociais sobre prestacións sociais

A relación entre cotizacións sociais e prestacións sociais indícanos en que medida as prestacións cobradas nun determinado territorio estarían cubertas polas cotizacións sociais pagadas polos fogares de dito territorio. A nivel de toda Galicia, no 2022, as cotizacións sociais pagadas cobren o 66,2 % das prestacións sociais que reciben os galegos. A ratio cotizacións sociais sobre prestacións sociais toma no ano 2022 os valores máis elevados na ZIP da provincia da Coruña. Tanto en Galicia como a nivel provincial, o indicador toma o menor valor na zona menos poboada (ZPP), sendo especialmente baixo este valor na ZPP da provincia de Ourense.

Na primeira metade da serie dispoñible a ratio de cotizacións sociais sobre prestacións sociais diminúe en tódalas zonas para estabilizarse nos anos posteriores a 2014, ata o ano 2020 no que presenta unha notable caída en todas as zonas cunha posterior subida nos anos 2021 e 2022 recuperando en parte, aínda que non totalmente, os valores do indicador no ano 2019. Destaca a ZIP alta como a subzona onde as cotizacións sociais pagadas cobren unha maior porcentaxe das prestacións sociais recibidas.


Ratio de cotizacións sociais sobre prestacións sociais. Galicia e provincias. Ano 2022

Unidade: porcentaxe (%)

Espazo	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	66,2	68,9	72,7	52,9
A Coruña	70,2	69,5	78,3	59,0
Lugo	58,5	71,1	61,5	47,4
Ourense	52,2	60,9	60,5	40,6
Pontevedra	69,0	70,0	71,2	59,5

Ratio de cotizacións sociais sobre prestacións sociais. Anos 2010 a 2022

Unidade: porcentaxe (%)




Renda dispoñible bruta por habitante segundo o grao e subgrao de urbanización

A renda dispoñible bruta por habitante aumenta xunto co grao de urbanización, seguindo o mesmo patrón en todas as provincias. En todas as zonas, na ZDP, na ZIP e na ZPP, a renda dispoñible bruta por habitante da provincia da Coruña é superior ás correspondentes das outras provincias.


Renda dispoñible bruta por habitante por provincias e grao de urbanización. Ano 2022

Unidade: euros



Renda dispoñible bruta por habitante segundo o subgrao de urbanización. Anos 2010 a 2022

Unidade: euros



Dende o inicio da serie, a ZDP é a zona onde se acada a renda dispoñible bruta por habitante máis elevada e a única que é superior á media de Galicia. Porén, nos últimos anos a renda por habitante da ZIP alta é a que presenta valores máis similares á media galega e, no ano 2022, acada o valor de 16.842 euros, só 327 euros por debaixo da media de Galicia.

Nota Para os anos anteriores a 2020, a poboación do ano t obtívose como o promedio da poboación a 1 de xaneiro dos anos t e (t+1). A partir de 2020 emprégase a poboación a 1 de xullo publicada nas Cifras poboacionais de referencia.

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos:

- Poboación, Renda Dispoñible Bruta e Saldo de Rendas Primarias segundo o grao de urbanización. Galicia e provincias
- Poboación, Renda Dispoñible Bruta e Saldo de Rendas Primarias segundo o subgrao de urbanización. Galicia
- Renda dispoñible bruta por habitante e ratios segundo o grao de urbanización. Galicia e provincias
- Renda dispoñible bruta por habitante e ratios segundo o subgrao de urbanización. Galicia e provincias

Fontes de información:

IGE. Elaboración propia a partir de: IGE. Renda municipal do sector fogares

Os datos do ano 2022 son provisionais.